

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios dos portos de Cabo de Cruz e Escarabote e das instalacións de Bodión e Ancados.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios das instalacións portuarias competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, situadas no termo municipal de Boiro, na provincia da Coruña, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia do día 21 de abril de 2016, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios dos portos de Cabo de Cruz e Escarabote e das instalacións de Bodión e Ancados, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e no referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 15 de abril de 2016, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o Acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 21 de abril de 2016 que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios dos portos de Cabo de Cruz e Escarabote e das instalacións de Bodión e Ancados e propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios dos portos de Cabo de Cruz e Escarabote e das instalacións de Bodión e Ancados (Boiro, A Coruña),



na súa versión asinada en outubro de 2015 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Sara Calvo Fernández, como autora, Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: qoha1ko6-ul83-avp8-51z2-esgunghzrlh4

